

**“NEOFALANTE” COMO CONCEPTO SOCIOLINGÜÍSTICO EN GALICIA: SIGNIFICADO(S)
POPULAR(ES), ACADEMIZACIÓN E PROCESOS DE MEDIACIÓN ENTRE O CAMPO ACADÉMICO E A
ESFERA PÚBLICA**

MARTÍN VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

Universidade de Vigo

Palabras chave: neofalante, neofalantismo, dobre hermenéutica, sociolingüística galega

O obxectivo desta comunicación é describir os significados populares e académicos de “neofalante” en Galicia con atención aos procesos de mediación entre a esfera pública e o campo académico.

O material empírico producido para esta investigación provén da documentación deste termo en textos escritos (académicos, en prensa e parlamentarios), así como da análise das narrativas lingüísticas de “neofalantes” na rede e a produción de discurso oral mediante un grupo de discusión.

A análise do material empírico describe un uso plural de “neofalante” como termo do campo e a súa transformación en relación á situación sociolingüística de Galicia. Estes procesos de transformación do sentido “popular” non poden explicarse sen atender aos procesos de mediación que o poñen en relación ás intervencións por parte da academia neste campo. As prácticas de mediación van desde o seu uso nos medios de comunicación polos intelectuais, ata o uso polas administracións ou os políticos. A diversidade de usos nestes procesos reflicte as apropiacións do concepto por axentes con diversos intereses morais sobre a lingua a través da resignificación dos sentidos dados tanto pola academia coma polo uso popular. Respecto da análise do seu uso “académico”, observase unha diversidade de significados en relación ás diferentes aproximacións paradigmáticas así como unha incorporación a moitas investigacións como concepto transparente para o analista.

Esta análise do uso de “neofalante” na sociolingüística galega responde á dobre hermenéutica das ciencias sociais: un continuo escorregar dos conceptos construídos na sociolingüística en que os actores tenden a apropiarse dos conceptos usados polos investigadores para analizar a súa acción. O estudo dos usos “populares”, “académicos” e das súas mediacións permite unha crítica ao uso do concepto “neofalante” con vontade analítica ao sinalar a falta de elaboración conceptual, nuns casos, e a falta de consistencia lóxica ou falta de constancia na denominación do concepto, noutros.